

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*RESOLUCIÓN do 1 de outubro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Resolución do 3 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciada polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2018 e 2019 (Diario Oficial de Galicia número 135, do 16 de xullo).*

En cumprimento do disposto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

#### RESOLVO:

Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* das subvencións concedidas ao abeiro da Resolución do 3 de xullo de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciada polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2018 e 2019 (DOG núm. 135, do 16 de xullo), que se indican no anexo, cun importe total concedido de 564.419,57 euros, con cargo á aplicación 05.11.313D.481.02 (código de proxecto 2015 00154), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa seguinte distribución:

Ano 2018: 117.800,32 euros.

Ano 2019: 446.619,25 euros.

Esta convocatoria está financiada ao 80 % con fondos FSE do programa operativo de Galicia 2014-2020, obxectivo temático 9 «promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación», prioridade de investimento 9.3 «loita contra toda forma de discriminación e promoción da igualdade de oportunidades», obxectivo específico 9.3.1 «Aumentar a integración socio-laboral das persoas pertencentes a colectivos



máis vulnerables, a través de actuacións que fomenten a igualdade de xénero e a conciliación da vida persoal e laboral, evitando, pola súa vez, a discriminación múltiple».

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2018

Susana López Abella  
Secretaria xeral da Igualdade

**ANEXO**

Nº de expediente	Entidade	NIF	Concesión 1º período	Concesión 2º período
SI451A 2018/13	Acción Laboral	V09409749	13.120,17 €	60.000,00 €
SI451A 2018/4	Fundación Cip	G15849318	16.000,00 €	60.000,00 €
SI451A 2018/7	AXEL-Asociación Xóvenes Emprendedores Lucenses	G27305218	10.917,95 €	36.886,28 €
SI451A 2018/12	Apetamcor-Asociación de Empresarios de Transporte de Mercancías por Carretera	G32026056	14.000,00 €	52.500,00 €
SI451A 2018/9	Apico-Asociación pola Igualdade e a Coeducación	G94088549	14.000,00 €	48.471,11 €
SI451A 2018/11	Fundación Amigos de Galicia	G15859911	8.774,64 €	24.819,70 €
SI451A 2018/10	Asociación de Empresarios de Mos	G36223543	14.000,00 €	52.500,00 €
SI451A 2018/15	Ecos do Sur	G15354483	12.000,00 €	45.000,00 €
SI451A 2018/14	Fundación Nortempo	G70009949	12.000,00 €	45.000,00 €
SI451A 2018/5	CIMO-entidade prestadora de servizos	G32010449	2.987,56 €	21.442,16 €
Total			117.800,32 €	446.619,25 €

